

PROGRAMA DAS FESTAS

11 de agosto SÁBADO





20:30 h **PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS - 2018**

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos a xornalista e filla predilecta da cidade Julia Otero lerá o pregón das Festas Patronais do ano 2018.



21:00 h **LANZAMIENTO DO FOGUETE** que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

21:00 h **INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA**



23:00 h **CONCERTO DO GRUPO BLESET**

Na praza de España actuación do grupo madrileño **Bleset**, formado por Susana Alonso e a monfortina Sara Burgo. O grupo presenta en Monforte o seu primeiro traballo *Real Figth*, disco cargado de música electrónica e letras descaradas.

12 de agosto DOMINGO

12:00 h **O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Sairá dende a praza de España e tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade. Posteriormente ás 13:00 h xuntarase cos Cabezudos na praza de España para o gozo dos máis pequenos.



13:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: UXÍA LAMBONA A BANDA MOLONA** /Música infantil



Na praza de España esta banda de música infantil realizará un concerto que recolle os clásicos populares galegos, dándolles o seu toque particular dende A Carolina rapeada ata o Jato Rockeiro.

19:00 h **FESTIVAL ARTÍSTICO**

Presentación do Poemario Cinsa na boca de Montserrat Yoldi Sanmartín

Recital Poético –Coa participación de compoñentes da Fundación Uxío Novoneyra, Colectivos Poéticos e Sociais (colectivo feminista, Cultura contra a pobreza, ...)

Música en vivo –Piano, hip-hop, cantautores, ...

No Paseo do Malecón, diante da Cafetería Moment´ s
–Centro Cívico e Social.



20:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: UXÍA LAMBONA A BANDA MOLONA** /Música infantil

De novo a banda de música infantil **Uxía Lambona a Banda Molona** na praza de España fará que todos os nenos e nenas presentes sexan partícipes deste concerto cheo de bailes, xogos coreográficos e moitas sorpresas. Uxía e a súa banda achégnanos a mellor música e moito humor para un concerto singular.

12 de agosto DOMINGO



20:30 h OS XOGRARES DE LEMOS

O Grupo de Gaitas e pandeireteiras Os Xogares de Lemos amenizarán cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende a praza de Carude ata o centro da cidade.

23:00 h VERBENA

Na praza da Compañía coa orquestra **SOLARA**.



23:00 h CONCERTO DO GRUPO /POR MÍ SWING -VINTAGE DANCE BAND

Na praza de España actuará o grupo POR MÍ SWING vintage dance band, con música de swing, claquette, balboa, charleston. O espectáculo busca unha experiencia musical na que o público abandone o papel contemplativo e adopte unha actitude totalmente activa a través do baile que é o combustible que alimenta os músicos en escena.

00:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía concerto de **CAFÉ QUIJANO**.



02:00 h VERBENA

Continuación da verbena coa orquestra **SOLARA** na praza da Compañía.

13 de agosto
LUNS

12:00 h **GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Dende o barrio da Estación o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade.


12:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CIRKOTE** /Circo - comedia



Na rúa do Cardeal teremos nesta mañá circo-comedia coa compañía Cirkote, que nos fará gozar cun circo único onde a maxia e o fantástico se xuntan. Cirkote é circo e humor, moito humor.

13:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: KICIRKE** /Circo, comedia visual e música

Na praza de España a compañía Kicirke representará un espectáculo de verán cunha linguaxe visual apta para todos os públicos e que conta coa emoción do mundo do circo.



19:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CIRKOTE** /Circo - comedia



O teatro e a comedia da compañía Cirkote deleitaranos na rúa do Cardeal cunha actuación que combina técnicas de circo, clown e teatro cómico participativo. Haberá unha relación directa actor-público, relación que pasará a formar parte activa e indispensable dun espectáculo no que che pode acontecer de todo, incluso que ti acabes sendo a estrela da función.

13 de agosto
LUNS

20:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

KICIRKE /Circo, comedia visual e música

Na praza de España Circo, Comedia Visual e Música son os ingredientes deste espectáculo, apto para todas as idades e onde o público participa dende o primeiro momento.



23:00 h **VERBENA**

na praza da Compañía coa orquestra **TREBOL**.



23:00 h **CONCERTO**

BANDA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO MESTRE IBÁÑEZ DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

na praza de España.



00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **SEGURIDAD SOCIAL**.

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **TREBOL** na praza da Compañía.

14 de agosto
MARTES

12:00 h **GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Dende a praza de Santo Antonio o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade.

12:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

MAGO CHARLY BRAUN /Maxia cómica

Na rúa do Cardeal actuará o mago Charly Braun, mago que contará a historia de Charly e a fábrica de chocolate 25 anos despois. Que pasou con Charly? Seguen os Oompa Loompas traballando na fábrica? Que foi de Willy Wonka?



13:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
INFONCUNDIBLES /Diábolo, música e circo



Na praza de España Infoncundibles comezará un concerto ás 13:00 horas onde haberá unha mestura de música, circo e humor ... sobre todo moito humor. O espectáculo, para todos os públicos, combina a linguaxe do clown con distintas técnicas circenses e a música.

19:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
MAGO CHARLY BRAUN /Maxia cómica

O mago Charly Braun sorprenderanos na rúa do Cardeal cun espectáculo de maxia familiar divertido e dinámico. Moita maxia e moito humor neste espectáculo titulado Charly Braun e a fábrica de sonos.



20:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**
INFONCUNDIBLES /Diábolo, música e circo



Na praza de España os excéntricos irmáns Infoncundibles comezan a montaxe do seu espectáculo, rematan de preparalo todo cunha calculada desorde. Pero aínda queda unha dúbida: se Beethoven nacesse hoxe sería rockeiro ou malabarista? Efectivamente eles tampouco o saben.

14 de agosto MARTES



20:30 h **PANDEIRETEIRAS**

A Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte amenizará a tarde desta xornada festiva dende o barrio da Estación ata o centro da cidade.

23:00 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **LUCÍA PÉREZ.**



23:00 h **CONCERTO**

Na praza de España realizará un concerto a **BANDA DE MÚSICA DE SOBER.**

01:00 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **GIN TONI'S.**



15 de agosto MÉRCORES

9:30 h LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

O lanzamento de 21 bombas de palenque anunciará o día grande das Festas Patronais.

10:00 h DÍA DA PATROA

Na praza de Santo Antonio, xunto á Casa do Concello, reuniranse todas as persoas que queiran participar na Homenaxe á Patroa do Val de Lemos, a Virxe de Montserrat. Ás 10:30 h os reunidos e autoridades acompañados da Banda de Gaitas e do Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos sairán cara á igrexa de San Vicente do Pino onde se realizará a Ofrenda Floral á Patroa da cidade.



11:00 h MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONTSERRAT.

Misa na honra da Virxe de Montserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará o Grupo de Baile Tradicional xunto coa Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat.



DÍA DO GAITEIRO

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Cuartetos, quintetos, sextetos e cantos de cego populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.



15 de agosto MÉRCORES

11:00 h **ALBORADAS CON GRUPOS DE GAITEIROS**

Grupos de gaiteiros sairán dende a praza de España por diferentes rúas da cidade facendo alboradas e rematarán no centro ás 13:00 h.

Participantes:

- ÉRBEDO – Quinteto Monforte de Lemos
- O CEGO DA VENEIRA - Cantos de Cego A Pobra do Brollón
- MERENZA O – Quinteto Monforte de Lemos
- OS XOGRARES – Sexteto Monforte de Lemos
- LEMAVOS – Quinteto Monforte
- REDEGAITA - Quinteto Ourense



13:00 h **CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS**

No centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.



20:15 h **PASACALLE**

Dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España.



20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL**

Na praza de España coa actuación de:

- O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN
- GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO DE MONFORTE
- ESCOLA DE DANZA DO CONCELLO DE MONFORTE
- ACTUACIÓN DO GAITEIRO FERNANDO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ E O PERCUSIONISTA JUAN MANUEL SARMIENTO
- ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE
- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS



15 de agosto MÉRCORES

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa actuación do grupo **NEBRASKA**.



23:30 h **BARCAS ENGALANADAS**



No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da agrupación Os Xogres de Lemos e ten como fin a recuperación desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.

00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE**

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio.



00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **AMAIA MONTERO**.



02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena co grupo **NEBRASKA** na praza da Compañía.

16 de agosto XOVES



12:00 h **O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Sairá dende o barrio de Carude facendo alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade e logo ás 13:00 h xuntarase cos Cabezudos para o gozo dos máis pequenos.

12:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CLOWNTAMINATION** /Clown

Na rúa do Cardeal a compañía Clowntamination, ou o que é o mesmo Rudi Rudi, achéganos co seu personaxe "o home máis forte do mundo" unha actuación dinámica e interactiva para todos os públicos ás 12:00 da mañá. Rudi Rudi, ás veces tenro e inseguro e outras romántico e atrevido, tenta romper os moldes, xogando co absurdo.



13:00 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: UP2DOWN** /Danza circo



Na praza de España actuará Up2Down. A compañía Up2Down deleitaranos cun espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo.

19:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: CLOWNTAMINATION** /Clown

Clowntamination actuará na rúa do Cardeal cun espectáculo onde coa súa arte sedutora consegue atrapar a un público sen límite de idade, convidándoo a participar e axudar no imposible, logrando que o espectador "perda" a noción do tempo e "gañe" un sorriso.



20:15 h **VI FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: UP2DOWN** /Danza circo



Na praza de España as bailarinas de Up2Down interpretarán a dúas personaxes definidas polo seu status antagónico: o alto e o baixo; A Funambulesca –etérea e ideal, e A Paiasa –terreal e mundana. Xunto a elas farase unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata que acadan un punto de encontro: o equilibrio.

16 de agosto XOVES

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **LOS TROVADORES.**



00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA**

Dende o Paseo do Malecón sesión de fogos de auga.



00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto do grupo **EFFECTO PASILLO.**

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **LOS TROVADORES** na praza da Compañía.